




UNIVERSIDADE DE  
SANTIAGO DE COMPOSTELA



Vicerrectorado de Organización Académica  
e Profesorado

**COPLEMENTOS DE FORMACIÓN DE PEDAGOXÍA**

A Xunta de Goberno do 28 de febreiro de 2002 acordou aprobar a modificación dos complementos de formación da Titulación de Licenciado en Pedagogía. Tendo en conta que a determinación dos complementos de formación aprobados presenta algunha diferenza respecto da anterior determinación é necesario definir o procedemento a seguir en relación cos alumnos que se matricularon e cursaron os complementos de formación con anterioridade o curso académico 2002/2003. Polo que este rectorado

**RESOLVE**

**PRIMEIRO:** os complementos de formación que ó abeiro de Orde do 10 de decembro de 1993 (BOE do 27 de decembro de 1993) deberán realizar, de non telos feito antes, os alumnos que accedan ó segundo Ciclo de Pedagogía deberán estar comprendidos entre os 16 e 20 créditos. Na Universidade de Santiago a partir do curso 2002/2003 deberán cursarse os complementos que a continuación se relacionan:

- 801 Antropoloxía da Educación 4'5*
- 802 Bases Metodolóxicas da Investigación Educativa 6*
- 803 Organización e Xestión de Centros Educativos 4,5*
- 804 Procesos Psicolóxicos Básicos 4,5*

**SEGUNDO:** os estudantes que teñan superado algunha materia de complementos de formación que agora se modifican, manterán no seu expediente as materias superadas co número de créditos das materias cursadas, xa que a totalidade dos contidos de complementos de formación deberá estar entre os 16 e os 20 créditos fixados na orde ministerial.

**TERCEIRO:** no caso de terse matriculado en cursos anteriores de complementos de formación e non telos superados todos eles, a partir do curso 2002-2003, deberán matricularse dos complementos de formación coa determinación en créditos aprobada para cada un deles, tal e como establece esta resolución.

**CUARTO:** esta modificación non afectará os alumnos que tivesen superado os complementos de formación que agora se modifican. No expediente do alumno deberán constar as materias segundo as cursaron.

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2002

O Rector



Senén Barro Ameneiro

Sr. Secretario Xeral, Sr. Decano da Facultade de Ciencias da Educación, Sr. Secretario Xeral Adxunto, Sra. Xefa da Asesoría Xurídica, Sra. Xefa do Servizo de Alumnado, Sr. Xefe da Unidade de Xestión Académica do Campus Sur, Sr. Director do Sein, Sr. Director do Coie.